

Anuncio do 12 de maio de 2026, da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, polo que se fan públicas as datas, horas e lugares para o levantamento das actas previas á ocupación dos bens e dereitos afectados polas instalacións de produción de enerxía eléctrica do proxecto denominado Parque Eólico Coriscada repotenciación, nos concellos de Mañón e Ortigueira (A Coruña), promovido por Sistemas Energéticos Mañón-Ortigueira, SA. (expediente IN408A/2023/064).

Por Resolución do 5 de novembro de 2025 da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático, fíxose público o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de outubro de 2025 polo que se outorga a declaración de utilidade pública así como a compatibilidade con diversos aproveitamentos forestais, das instalacións relativas ao proxecto do parque eólico Coriscada repotenciación, sito nos concellos de Mañón e Ortigueira (A Coruña) e promovido por Sistemas Energéticos Mañón-Ortigueira, SA. (expediente IN408A 2023/064). (DOG Núm. 222 do 17 de novembro de 2025).

A declaración de utilidade pública, segundo o previsto no artigo 56 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico, implica a necesidade de ocupar os bens ou adquirir os dereitos afectados e a súa urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei de Expropiación Forzosa, do 16 de decembro de 1954.

En virtude do anterior, de conformidade co disposto no artigo 52 da Lei de Expropiación Forzosa, as persoas afectadas coas que non se alcanzou acordo e que se relacionan no anexo da RBDA (relación de bens e dereitos afectados) deberán comparecer nos seguintes lugares e datas:

- Día 22 de xullo de 2026, as 10:00 na casa do Concello de Ortigueira.
- Día 22 de xullo de 2026, as 12:00 na casa do Concello de Mañón.

Dita relación permanecerá exposta, para os efectos oportunos, nos taboleiros de anuncios dos concellos de Mañón e Ortigueira así como na páxina web oficial desta Consellería:

<https://medioambiente.xunta.gal/enerxias-renovables/outros-anuncios>

Ás persoas afectadas tamén se lle remitirá citación individual, na que se indicará expresamente o día e a hora asignados para o levantamento de actas previas á ocupación. Así mesmo o calendario de actuacións permanecerá exposto nos taboleiros de anuncios dos concellos de Mañón e Ortigueira. Todas as persoas interesadas, así como as que teñan calquera tipo de dereitos ou intereses sobre os bens, deberán comparecer persoalmente ou ser representadas por persoa debidamente autorizada, achegando os documentos que





acrediten a súa titularidade, e poderán asistir acompañadas dos seus peritos e dun notario por conta propia.

Así mesmo advérteselles a todas ás persoas interesadas que poderán formular alegacións ante a Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático ata o momento do levantamento de actas previas, para os únicos efectos de emendar posibles erros que se cometeran ao relacionar os bens afectados pola urxente ocupación, segundo establece o artigo 56 do regulamento da Lei de Expropiación Forzosa.

No mesmo acto, a acta previa á ocupación elevarase a acta de ocupación definitiva, cuxa eficacia quedará en todo caso demorada ata o momento en que se produza o pago ou consignación na Caixa Xeral de Depósitos dos depósitos previos e indemnizacións por rápida ocupación calculados nos termos previstos no artigo 52.4 da Lei de Expropiación Forzosa, o que habilitará a ocupación material dos bens e/ou dereitos afectados no prazo establecido no artigo 52.6 de Lei de Expropiación Forzosa. A súa formalización será comunicada, en calquera caso, aos afectados.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático

Paula M^a Uría Traba



ANEXO: RBDA (RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS)

Predio	TITULAR PROPOSTO	PARCELA						AFECCIÓNS (m ²)												
	NOME e APELIDOS	DATOS CATASTRAIS				PARAXE	CULT.	PLENO DOMINIO					SERVIDUME DE PASO			SERV. DE VOO	SERV. VOO E VÍA	SERV. DE VOO e GABIA	SERV. DE VOO, VÍA e GABIA	OCUP. TEMP.
		REF. CATASTRAL	CONC.	POL.	PARC.			Nº AERO	CIM.	PLAT.	SUB.	T. MET.	VÍA	GABIA	VÍA e GABIA					
18	Hdros. Faustino Peña Rivera (e outros)	15062A024004550000TW	Ortigueira	24	455	Regadío novo	Matogueira							48,80						
19	Hdros. Faustino Peña Rivera (e outros)	15062A024004510000TS	Ortigueira	24	451	Chousa do Chao da pá	Matogueira							102,12						
37	- Dolores Formoso Pena - Rodolfo Formoso Pena - Elisa Formoso Pena - Melania Manciñeira Formoso	15045A026000430000UR	Mañón	26	43	Rega do pozo	Matogueira							117,65						
40	- Dolores Formoso Pena - Rodolfo Formoso Pena - Elisa Formoso Pena - Melania Manciñeira Formoso	15045A025000100000UE	Mañón	25	10	Regadío	Árbores de ribeira							37,14						

- Superficie de pleno dominio:
 - Núm. aero: número de aeroxerador.
 - Cim.: cimentación do aeroxerador, superficie de afección para a execución das cimentacións dos aeroxeradores.
 - Plat.: plataforma, superficie de afección para a execución das plataformas dos aeroxeradores e da torre meteorolóxica.
 - Sub: subestación, superficie de afección para a execución da subestación transformadora e do edificio de control.



- T. met.: torre meteorolóxica, superficie de afección para a execución da súa cimentación.
- Servidume de paso:
 - Vía: servidume de paso polas vías polas que circularán os transportes para a construción, conservación e reparación das instalacións do parque eólico.
 - Gabia: servidume de paso nas canalizacións do tendido eléctrico soterrado.
- Serv. de voo: servidume comprendida dentro do voo das pas de cada aeroxerador.
- Ocup. temp: ocupacións e actuacións temporais dos terreos para zona de amoreamento de materiais e compoñentes dos aeroxeradores, manobra de vehículos e instalación de casetas de obra.
- Inclúense os seguintes tipos de solapamentos entre servidumes:
 - Serv. vía-gabia: abrangue aquelas zonas onde coinciden as afeccións de vía-gabia.
 - Serv. voo-vía: abrangue aquelas zonas onde coinciden as afeccións de servidume do voo e vía.
 - Serv. voo-gabia: abrangue aquelas zonas onde coinciden as afeccións de servidume do voo e gabia.
 - Serv. voo-vía-gabia: abrangue aquelas zonas onde coinciden as tres afeccións, servidume do voo-vía-gabia.

